

RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A PROVISIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN DE SEIS PRAZAS DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL (4 PROMOCIÓN INTERNA E 2 MOBILIDADE INTERADMINISTRATIVA)

Dentro do prazo de alegacións outorgado tras a publicación das cualificacións provisionais do primeiro exercicio da fase de oposición do procedemento selectivo de referencia, foron presentados escritos por diferentes aspirantes que se analizaron polo tribunal na súa reunión do día de hoxe xoves 3 de xaneiro.

O resumo das alegacións é o seguinte:

- Ovidio López Rodríguez: Solicita cambio das respostas correctas das preguntas 17 e 36. Anulación da pregunta 22 e cambio pola reserva nº 1.
- Marcos Iglesias Martínez: Solicita cambio das respostas correctas das preguntas, 17,78,85,110, 114,115,116,118, e anulación da pregunta 111.
- Javier Teijido López: Solicita cambio das respostas correctas das preguntas, 17,22,36,110,115.
- José Noya Vázquez: Solicita cambio da resposta correcta da pregunta 17 e 36.

Tras analizar as solicitudes e valorar tanto os motivos alegados como o temario e a normativa de aplicación o tribunal, por unanimidade dos seus membros acorda:

Primeiro: Anular as preguntas do cuestionario que se identifican cos nºs 22,115 e 118 ao tratarse de enunciados que poden inducir a erro na súa resposta . En substitución destas preguntas serán obxecto de valoración as seguintes preguntas de reserva: 121,122 e 123, enunciadas na plantilla como 1,2 e 3.

Segundo: Correxir a plantilla de respostas ao advertir a existencia de erros nas respostas as preguntas 17,36 e 110 . As respostas correctas serán as seguintes: 17: C ; 36: A ; 110: D.

Terceiro: Desestimar as alegacións á pregunta nº 78 dado que os supostos están tasados e na norma se establece que a competencia para ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico poderase asignar a funcionarios que tendrán a consideración de axentes da autoridade subordinados aos membros dos respectivos corpos de policía local, cando se trate de municipios de gran poboación ou cidades con estatuto de autonomía e non en calquera suposto como indica a resposta D.

Cuarto: Desestimar as alegacións á pregunta 85, toda vez que os traballos en beneficio da comunidade están englobados na sección 3ª do Código Penal, relativo as Penas Privativas de Dereitos.

Quinto: Desestimar a alegación correspondente á pregunta 111, toda vez que a Consellería do Mar na súa páxina web enumera o marisqueo, dentro do sector pesqueiro como unha actividade independente da acuicultura.

Sexto: Desestimar a alegación correspondente á pregunta 114, toda vez que as principais aportacións á "dinámica de grupos" foron realizadas por Kurt Lewin e a "teoría del campo social" que serviu de base para desenvolver as posteriores investigacións sobre as dinámicas de grupo. Mentras que Jacob Levy Moreno, discípulo de Freud, crea a sociometría, una técnica concreta de análise de niveis de interacción social.

Sétimo: Desestimar a alegación correspondente á pregunta 116 ao non considerar suficientemente motivada a solicitude de cambio de resposta .

Oitavo: Realizarase unha nova valoración dos exercicios á vista das variacións introducidas no cuestionario e publicarase a relación definitiva de aprobados.

Contra as resolucións e os actos de trámite deste Tribunal, si estes últimos deciden directa o indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedimento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a concelleira delegada de economía, facenda e administración no prazo dun mes a partir do seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019.

A presidenta do Tribunal.

Asdo. María Moreno Berger